

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA ONCE DE FEBREIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte minutos do día once de febreiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día tres de febreiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.783/08 de don Alberto González Tubio

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Pobra do Caramiñal, solicita licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar en Laraño -San Xián de Sales, en zona de núcleo rural (N1) segundo o proxecto básico e de execución presentado redactado polo arquitecto don J. Luís Bande Mariño, cun orzamento de 100.085,48 euros; num. Plantas B+1; Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente de 0,40 m² de superficie edificable por cada m² de parcela neta.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado; a cor a utilizar nas fachadas será branco ou en tonos suaves de acordo co entorno rural e a pedra será

da zona; a cor da carpintería de aluminio a utilizar nas fiestras na súa cara exterior axustarase á tipoloxía e tono da zona; en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002 deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a preceptiva autorización de Augas de Galicia; asimesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción; data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dous mil un euros con setenta e un céntimos (#2.001,71#)

2.2.- Instancia num. 175/09 de don Alberto J. Cora Rego

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Xián de Sales, solicita licenza para a construción de dúas terrazas decorativas en parcela con base de formigón, situada en Matelo en solo de núcleo rural (N1) e solo de expansión de núcleo (N-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: minimizaranse os movementos de terra que serán nulos nunha franxa de 3,00 mts de separación cos lindeiros de non posuir permiso do colindante; a altura máxima dos muretes de contención será de 1,00 mts e, en caso contrario, deberase achegar proxecto técnico visado e oficio de dirección; os muretes respectarán a distancia de 3 mts de recuado ós lindes; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cincuenta e catro euros con corenta e nove céntimos (#54,49#).

2.3.- Instancia num. 152/09 de don Senén Silvoso Crespo

Dáse contada citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de pedra, postes e arame, de aproximadamente 130 mts de lonxitude, no lugar de Sarandón, en solo rústico de especial protección agropecuaria (R-2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: situarase a 6,00 mts de distancia do eixe do vial municipal; garantirase o natural discorrer das augas e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e do PXOM, a altura máxima do zócalo opaco será de 1,00 mts e no caso de non ser de pedra irá

revestido e pintado de xeito que quede perfectamente rematado. Por riba do mesmo poderanse dispor elementos diáfanos ou vexetais ata unha altura máxima total de 1,80 mts

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e nove euros con noventa e tres céntimos (#89,93#)

3º.- Acordo, se procede, sobre solicitude de subvención para a contratación de traballadores desempregados

Dáse conta da Orde da Orde da Consellería de Traballo, do 29 de decembro de 2008, pola que se establecen as bases que regulan, para o exercicio do ano 2009, as axudas e subvencións para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación, no ámbito de colaboración coas entidades locais e cos órganos e organismos das administracións públicas distintas da local, universidades e entidades sen ánimo de lucro, e se procede á súa convocatoria (DOG num. 7/09, do 12 de xaneiro)

A Xunta de Goberno, ó abeiro da mesma, acorda:

1º.- Solicitar axuda para a contratación dos seguintes traballadores:

1.1.- Brigada de obras: 2 oficiais de segunda e 2 oficias de terceira de albanel

1.2.- Protección civil: 12 técnicos

1.3.- Brigada verde-servizos varios: 10 oficiais de terceira

1.4.- Servizos sociais: 1 fisioterapeuta e 1 técnico en xestión de bancos de tempo

2º.- Aprobar a solicitude de subvención


4º.- Acordo, se procede, sobre concesión de licenza municipal para apertura de ferretería e droguería en Santa Cruz de Ribadulla

Examinado o expediente promovido por don Manuel Martínez Carrillo, en virtude de instancia núm. 406/06, solicitando licenza municipal para a instalación de Ferretería e droguería no lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, aprobado polo Real Decreto 2414/1961 de 30 de novembro.

Resultando: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite por Decreto da Alcaldía de data 14 de marzo de 2006.

Resultando: Que se cumpriron os trámites de información pública e notificación persoal aos veciños inmediatos e incorporando os informes dos Técnicos congruentes coa natureza da actividade.

Considerando: Que o proxecto técnico reúne os requisitos esixidos e que a memoria describe, en extensión e detalle, as características da actividade, a súa posible repercusión sobre a sanidade ambiental e as medidas correctoras necesarias para garanti-la tranquilidade, salubridade e a súa adecuación ao medio ambiente.



Considerando: Que o emprazamento proposto, non está en contradicción co disposto en acordos e Ordenanzas municipais sobre a materia, respéctanse as distancias previas e non existe actividade municipalizada con monopolio que resulte incompatible.

Considerando: Que na zona, ou nas súas proximidades, non concorren outras actividades análogas xeradoras de efectos aditivos.

Vistos o Decreto 2414/1961 de 30 de novembro e demais Disposicións concordantes de aplicación, a Xunta de Goberno Local por unanimidade, acorda:

1º.- Informar favorablemente a concesión da licenza municipal instada por don Manuel Martínez Carrillo para apertura de ferretería e droguería no lugar de Galegos da parroquia de Santa Cruz de Ribadulla, deste termo, porque no expediente observáronse cantas prescricións establece o citado Regulamento e Disposicións complementarias.

2º.- Dar traslado do expediente completo ao Servicio de Calidade Ambiental da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente da Xunta de Galicia, para os efectos previstos no art. 33 do referido regulamento.

5º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data nove de febreiro do ano que andamos, pola que se lle concede a dona Clara Lema Rodríguez o permiso de lactancia acumulado, as vacacións pendentes e os 29 días de permiso por paternidade ó estar contemplado no apartado 4.c do punto 11 do acordo transitorio de regulación de determinadas condicións de traballo do persoal laboral do concello de Vedra, asinado o 24 de xullo de 2008

A Xunta de Goberno dáse por enterada

6º.- Outros asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e unha horas e corenta e cinco minutos

